

# ***SPIKEBALL ROUNDNET***


**U.D 3 : SPIKEBALL**



# REGRAS DO SPIKEBALL

O Spikeball é un deporte que se xoga entre dous equipos de dous xogadores cada un. O obxectivo do xogo é golpear a pelota contra a rede (reboteador), para que tras rebotar toque o solo sen que o outro equipo poida devolvela

O xogo realizase sobre un reboteador colocado no centro da pista. O balón servese de un lado da rede ao outro e este debe ser golpeado por un xogador do equipo contrario ( que o recibe ) antes de que toque o solo. Se toca o solo do seu lado, perden un punto. Gaña o equipo que chega primeiro a 11, 15 ou 21 puntos.



### 2 contra 2

O equipo 1 serve ao equipo 2 para iniciar un punto.

### 3 toques de balón

Os xogadores teñen ata tres toques alternos para devolver o balón por riba da rede.

### Xogo de 360°

Tralo saque, os xogadores poden moverse e golpear en calquera dirección.

### Puntos

Anótanse puntos cando o balón toca o borde, o solo ou rebota na rede máis dunha vez.



## REGRAS DE XOGO

- O Spikeball é un deporte de equipo formado por 2x2 xogadores e xogase coma no voleibol en canto as súas regras.
  - Os equipos alinéanse de forma cruzada aorredor da rede de spikeball ( que está no centro )
  - O xogo ou punto comeza cando o xogador que serve golpea a pelota contra a rede cara un xogador dun equipo contrario.
  - Un equipo pode tocar o balón ata tres veces durante a súa fase de ataque. Unha vez que o balón toque a rede e rebote é o turno do outro equipo.
  - O xogo continúa ata que un dos equipos non poida devolver o balón facendoo rebotar sobre a rede.
  - Despois do saque, os xogadores poden moverse libremente 360<sup>a</sup> aorredor da rede, pero sen interferir físicamente no xogo do equipo contrario.
- ✓ **Nos seguintes enlaces podedes ver vídeos onde se visualiza a súa lóxica interna.**
- <https://www.youtube.com/watch?v=ogEEFpdKHiA>
  - <https://www.youtube.com/watch?v=EjSahEHYLG0>
  - <https://www.youtube.com/watch?v=f-GqKKVm7kM&t=5s>



## REGRAS MÁIS DETALLADAS

- Todos os xogadores , excepto o que realiza o saque,deben situarse a unha distancia mínima de 1,8 metros da rede. O xogador que realiza o saque e libre de elexir a distancia. Unha vez que realiza o saque , todos os xogadores so libres de moverse. Cando o balón rebota na rede e o turno do equipo contrario.
- Si o equipo receptor anota punto, o xogador deste equipo que non sacou, pasa a sacar. Se o equipo que serve anota, o xogador que serve cambia de posición co seu compañeiro e serve para o o xogador adversario diagonal a este.
- Se o xogador que saca falla,dispón de outro saque. Se comete 2 erros , o outro equipo recibe punto.
- O saque debe rebotar limpiamente na rede. Se a pelota toca o marco , non toca a rede ou volve a caer na rede por segunda vez ou no marco, o equipo receptor recibe punto.
- O xogador que recibe a pelota dun saque non pode devolveo directamente.
- Cada xogador so pode tocar unha vez a pelota de forma consecutiva. O seu equipo na fase ofensiva dispón de 3 contactos. Os toques de pelota deben ser realizados de forma alternativa entre os xogadores dun equipo.A pelota debe ser limpiamente tocada e non pode ser atrapada , levantada, guiada ou lanzada. Pódese utilizar calquer parte do corpo, aínda que por eficacia as máns son as partes do corpo utilizadas. O primer contacto tralo rebote da pelota na rede do equipo defensor pode ser feito por varias partes do corpo consecutivas nunha acción. ( toque dedos)
- Se a pelota toca na rede e volve a caer na rede de novo ou no marco , o punto rematase e concedese punto ao equipo contrario.
- Calquer cambio inusual da pelota durante o xogo (non no saque ) é legal. Un golpeo no que a pelota toca a rede e logo o marco é legal. Se hai dúbidas disto ( toca marco directamente vs rede e logo marco ), repítese punto.
- Se un atacante choca con un defensor ou un defensor obstrue a un atacante interferindo neste pode gritar ( estorbo ) , paraos u forzar unha repetición.
- Cada secuencia de accións dende que se saca ata que a pelota toca o chan ou se comete unha infracción chámase **Rally**.
  - Se o equipo que serve (saca) gaña unha xogada,anota un punto e continúa servindo.
  - Se o equipo receptor gaña unha xogada, consegue punto e pasa a servir ( sacar ).
  - O equipo que gaña un set é o primeiro en anotar os puntos designados( 15-21 ). Estes debense gañar por dous puntos.
  - Para ver que equipo serve ( saca ) , sortease a pedra - papel – tesoura.
  - O saque comeza dende a dereita é en diagonal ao adversario do equipo contrario. Primeiro colócase o equipo sacador e tras iso o equipo receptor. Recibe o xogador diagonal a este, e só el pode contestar ao servizo. Antes de sacar este di a puntuaxe.
  - Se o equipo que serve ( saca ) gaña puno, o sacador cambia de posición ( esquerda ) e serve ao xogador contrario do equipo adversario.